



Concello de Ribeira de Piquín

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	<i>Manter os camiños e vías públicas de titularidade municipal en perfectas condicións para o tránsito de vehículos e peóns, o que fai necesario a imposición dunha taxa para facer fronte ao custo polo arranxo de posibles desperfectos causados pola actividade de extracción de madeira e das canteiras.</i>
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<i>Todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal por vehículos de tracción mecánica de uso industrial, comercial ou de transporte poden provocar.</i>
Obxectivos da norma	<i>Cubrir o custo polo arranxo de posibles desperfectos causados pola actividade de extracción de madeira, e o seu transporte.</i>

Ribeira de Piquín, 8 de marzo de 2022

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Alcalde-presidente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

